



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.com

06 xullo 2009

D.L. C-325-85 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703.

CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A CIG-Ensino denuncia a actitude sectaria de CCOO e a patronal AEDIS-FEACEM ao negociar á marxe da Mesa de Negociación O XIII Convenio Colectivo cunha proposta que aínda empeora o actual

Aínda que xa temos denunciado con anterioridade as malas formas, a falla de rigor e seriedade durante o proceso de negociación deste convenio (deberíamos dicir de non negociación) polas reiteradas irregularidades, discusións absurdas sobre a representatividade, convocatorias e desconvocatorias continuas (ata en 8 ocasións), e un sin fin de despropósitos que levaron a ter paralizada unha negociación que comezou o día 2 de outubro de 2007 e que celebrou a súa última reunión (a 7ª) o día 13 de outubro de 2008 (pódese consultar a información sobre estas reunións na nosa páxina web: www.cig-ensino.com), a nosa capacidade de abrairmos aínda non chegara ao seu límite. Parécenos de suma gravidade e un mal precedente que non se respecten as regras de xogo das que legalmente nos dotamos para a negociación colectiva, arrogándose esa facultade en exclusiva dúas organizacións, CCOO pola parte sindical e AEDIS-FEACEM pola patronal, por riba dos dereitos que temos o resto das organizacións presentes na Mesa de Negociación: as patronais Ed. y Gestión, CECE, ANCEE e CONACEE, e os sindicatos FETE-UGT e a propia CIG-Ensino (máis do 50% da Mesa). Cada quen temos a nosa parte de representación (nós somos maioritarios nos centros galegos) que non pode ser suplantada por ninguén e, ademais de alterar a legalidade vixente, constitúe unha falla de respecto para todos os traballadores e traballadoras do sector. **As propostas, os debates e, chegado o caso, os acordos, terán que darse no**

marco legalmente establecido e no que todas as organizacións con representatividade para estar presentes, temos dereito a participar dos mesmos. O resto é sectarismo, oscurantismo e, en definitiva, prácticas antidemocráticas.

Resulta indignante que, ademais, estas prácticas se leven a cabo sen o máis mínimo pudor e con absoluto descaro, difundindo en moitos centros **unha proposta de texto do novo convenio que se presenta como definitiva cando non foi negociada, nin por suposto asinada, no foro que corresponde, a Mesa de Negociación**, como é preceptivo, e tan só se trata dunha proposta que guisaron e comerón esas dúas organizacións. Así pois, **non cremos que se lle deba dar creto a dita proposta**. E máis vale que remate sendo así porque, se tivera posibilidades reais de prosperar, sería un retroceso máis nas condicións laborais e salariais da maioría do persoal do sector. A modo de información e contraste aportamos neste mesmo CIG-Inforna un pequeno resume dalgúns aspectos que se recollen no mesmo, comparándoos coa nosa proposta.

En calquera caso, **desde a CIG-Ensino reiteramos a necesidade de negociar dunha vez por todas un Convenio Galego propio para o sector no que se deben implicar as tres partes afectadas: Patronais, organizacións sindicais e a Administración galega, como o único xeito de acadar melloras para o sector en xeral, para os seus usuarios e para o persoal**. Xa demos os primeiros pasos, fa-

cendo xestións coa Consellería, poñéndonos en contacto coas principais patronais e ata convocando algunha mobilización en defensa desta demanda. Este proceso víuse paralizado polo cambio de goberno logo das últimas eleccións autonómicas, co correspondente relevo nos cargos e responsabilidades. A CIG-Ensino xa tivo unha primeira reunión coa Secretaria Xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella (aínda que fora solicitada coa Conselleira), na que se comprometeu a retomar este tema. Daquela contabamos co apoio de FETE-UGT. Agardamos que agora siga sumándose a esta proposta.

Aportamos un pequeno resume e valoración do texto proposto e que CCOO está difundindo como novo convenio, coas dúbidas de cal é a verdadeira proposta, pois existen dous documentos distintos que non coinciden nalgúns apartados. A facémolo, non só para advertir aos traballadores a traballadoras sobre as consecuencias que traería, senón coa vontade de facilitar a súa comprensión pois, aínda que consideramos bo que sexa lido, a primeira crítica que lle facemos é precisamente o engorrosa que se fai a súa redacción, incluíndo valoracións, declaracións de intencións, explicacións,...e un montón de literatura que parece máis propia dun traballo de fin de curso que dun convenio como instrumento útil que regule as relacións laborais con claridade e nitidez para a súa aplicación e consulta polas partes implicadas.

Apartado	PROPOSTA TEXTO CCOO	PROPOSTA CIG-ENSINO
Estrutura do Convenio	Propón seguir coa mesma estrutura de tres convenios en un, cunha parte común e outra específica que recolle diferencias nas condicións salariais e laborais para cada un deles.	Creemos que os Centros Especiais de Emprego non deben figurar neste convenio (en Galiza xa teñen un propio). E, en todo caso, as condicións deberían ser iguais para os tres sectores, en función da clasificación profesional. O contrario é discriminatorio. Propomos que aos centros que teñan algunha unidade concertada se lles aplique o convenio de centros mantidos total ou parcialmente con fondos públicos
Ámbito territorial	Propón un criterio totalmente centralista e alonxado da realidade actual no que se refire ás competencias das distintas administracións, limitando os apartados que poden ou non ser negociables en ámbitos diferentes ao estatal.	Non aceptamos limitacións na negociación en ámbitos diferentes ao estatal (Autonómico, de empresa, etc.), sempre e cando se melloren as condicións contempladas neste convenio.
Ámbito funcional	Deixa demasiado aberto a todo tipo de centros de moi diferentes características	Creemos que se debe acotar este ámbito nun convenio que comezou sendo de Educación Especial e no que xa caben multitude de actividades moi dispares.
Compl. Mellora da calidade (C.E.E.)	Agora defenden a mesma proposta que a CIG. Supón que van ter os mesmos dereitos que o resto.	Xa pedimos a súa eliminación no anterior convenio porque era discriminatorio con respecto ao persoal dos outros centros.
Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación	Na súa liña sectoria e excluínte, propón que estea integrada só polas partes asinantes (non é a práctica habitual en outros convenios), otórgalle competencias que van moito máis alá do seguimento e interpretación e chega a propor algo tan escandaloso como que <u>todas aquelas persoas ou entidades que queiran facer consultas a dita Comisión teñan que pagar a cantidade de 350 € por cada unha delas, agás para a afiliación das partes asinantes</u> (non é isto prevaricación?)	A Comisión debe ter exclusivamente, como o seu nome indica, as funcións de seguimento e interpretación, e non as que se lle dán nesta proposta que forman parte da negociación colectiva. E, tal como é habitual no resto de convenios do noso ámbito, deben formar parte dela todas as partes negociadoras , pois tamén representamos a distintos colectivos. Hai unha obsesión enfermiza por parte de CCOO e AEDIS-FEACEM en excluír ao resto de toda participación. E máis escandaloso nos parece aproveitar isto para facer unha campaña de afiliación e cobrarlle a toda a xente que non estea disposta a facelo.
Clasificación Profesional	Adapta a clasificación Profesional ao sistema de cualificacións, aínda que sobra roio para expricalo e que logo non é coherente facendo diferencias nos anexos para as mesmas categorías, segundo a tipoloxía de centro.	Parécenos positivo facer esa adaptación da Clasificación Profesional , e débese aplicar ata as últimas consecuencias, homologando as condicións correspondentes a cada categoría.
Mobilidade Funcional	Deixa demasiado aberta a proposta para cambiar de posto de traballo, en función das necesidades de produción.	Creemos que hai que restrinxir e limitar no tempo as posibilidades de mobilidade funcional , para evitar que se use polas empresas de xeito arbitrario. É contradictorio falar por unha banda de propiciar unha mellora da cualificación profesional, e por outra diversificar máis as funcións a desempeñar.
Formación	Fai un diagnóstico das carencias neste terreo. Non aporta solucións	Non nos parece o Convenio o lugar axeitado para expor toda esa declaración de intencións. Para iso existe a correspondente Comisión Paritaria de Formación na que estamos todas as partes negociadoras co correspondente asesoramento técnico.
Valoración das Competencias Profesionais	Volve outra vez a obsesión por marxinar ao resto, quedando en man das partes asinantes esta función.	Ademais de excluínte, a proposta encerra para nós un grande perigo, pola arbitrariedade e subxectividade que supón que quede esa decisión en mans das propias patronais, e pola súa vinculación a un novo complemento retributivo.
Xornada	Segue sen modificarse a xornada anual , de tal xeito que resulta superior ao cómputo das horas semanais, non sendo por tanto reais. Introdúcese un novo art., o 98, que supón un grande retroceso, pois contempla a chamada Xornada Irregular, que posibilita incrementar o máximo de 8 horas diarias, podendo chegar ata 10 h., e ata un máximo de 45 semanais. Logo fai diferenciación de xornada segundo a tipoloxía de centro. Tamén empeora o novo texto ao contemplar no art. 134 a posibilidade de que os Centros de Atención Especializada poidan ampliar a xornada para actividades especiais. Establécese no art.139 unha xornada excepcional para adicar á formación e cualificación, que varía segundo o nivel.	Creemos que coas condicións tan precarias deste tipo de traballos, é totalmente necesario ir reducindo progresivamente a xornada de traballo. E débese comezar por non introducir novos art. Que posibiliten incrementala aínda máis e tamén por equiparar o cómputo anual de horas ao que resulte de multiplicar a xornada semanal.

Apartado	PROPOSTA TEXTO CCOO	PROPOSTA CIG-ENSINO
Retribucións	<ul style="list-style-type: none"> Fan unha proposta na que introducen un montón de conceptos que crean confusión, aparentando ter moitos complementos, cando son conceptos como dietas, prendas de traballo, desprazamentos, complementos autonómicos (que non dependen deste convenio), etc., que son dereitos que xa se dan por sentados. O sistema retributivo aínda se complica máis, a base de complementos (algún de carácter subxectivo) e sen aportar unha mellora sustancial no salario base, que é o importante. Resulta sospeitoso que no texto do convenio que propoñen apareza un Complemento que chaman de Convenio e se oculte o que difunden na proposta resumida, que será absorbido por outro que se aplicará a partir de xaneiro do 2012 e denominarase Complemento de Desenvolvemento Profesional. Esta era a grande demanda das patronais desde o comezo das negociacións. Un complemento ligado á produtividade e que se concederá con criterios subxectivos polos titulares dos centros, o mesmo que outro novo Complemento de Mando Especial Responsabilidade. Non sabemos moi ben cal é a suba salarial real que se propón, pois nun documento fala do 3% e noutro do 2% para uns e o 2,5% para outros. Ademais, estes incrementos son sempre, nos vindeiros anos, sobre os salarios do 2009, non sobre o salario real de cada ano. Para facer o cálculo do custe das horas extraordinarias, nocturnas, de festividade, etc. faise sobre o cómputo de horas anual, e non semanal, o que non beneficia ao persoal. E tampouco se marca límite para as horas extras máis alá do que marca o E.T. Queda demasiado aberta a posibilidade de inaplicación das condicións salariais para as empresas. A Cláusula de Revisión Salarial non é tal pois, igual que na anterior revisión salarial significou unha perda do 0,85% con respecto ao IPC, agora volve a cometerse o mesmo erro de poñerlle límite no 3,7%, sen saber cal vai ser o IPC real. 	<ul style="list-style-type: none"> Apostamos por un sistema retributivo menos complexo, con menos complementos e con salarios base máis dignos que, a fin de contas, é o que se vai consolidando e contribuíndo á cotización para o futuro. Cremos necesario rematar coa precariedade nas condicións laborais deste sector (xornada, ratios, apoios, etc.). Pero mentras non se acada este obxectivo consideramos que o persoal debería cobrar algún plus máis pola peligrosidade e penosidade dalgúns postos de traballo. A nosa proposta salarial: como o IPC do ano 2008 sufríu grandes oscilacións, pasando pola porcentaxe máis alta en xullo (5,3%) a, finalmente un 1,4% ao final de ano, entendemos que tomar este último como referencia suporía unha perda clara de poder adquisitivo de todo o persoal. Consideramos máis xusto coller como referencia o IPC de todos os meses de 2008 e tomar o dato medio. Neste caso daríanos como resultado un 4,1%. Dado que o salario medio correspondente ao ano 2008 (polo menos en Galiza), concluíu en torno aos 17.830 € e que, polo tanto, esa será a referencia que debemos ter para considerar un salario como digno, a suba mínima que se debería dar sobre ese salario medio para manter o poder adquisitivo sería de 731 € anuais, como resultado de aplicarlle o 4,1% a esa cantidade. Para os salarios inferiores a esa cantidade as subas non deben ser inferiores ao 4,5%. A Cláusula de Revisión Salarial debe ser real, é dicir, sobre o salario de cada ano e sen límites, tendo en conta o criterio do IPC que antes comentamos. É o único xeito de garantir o poder adquisitivo e homoloxar os salarios máis baixos.
Corrección do absentismo	<p>Chama a atención que unha org. Sindical se preocupe polo absentismo laboral e chegue a suxerir como causa de absentismo a incapacidade temporal e mesmo a posibilidade de que se poidan acordar a corrección das retribucións.(Art. 66)</p>	<p>A CIG-Ensino o que nos preocupa non é o absentismo, senón as causas que o poden provocar. Temos información suficiente e contrastada de que neste sector hai un elevado número de baixas médicas debido ás malas condicións laborais, os riscos para a saúde e ata as agresións que vén sufrindo o persoal. É isto o que haberá que correxir, en vez de castigar ao persoal mermándose o seu salario por poñerse enfermo.</p>
Permisos	<p>Deixa en 13 días o permiso ou suspensión de contrato por paternidade, cando a lexislación actual xa recoñece 15 e posiblemente pase a un mes.</p>	<p>Débense adaptar á lexislación vixente no que se refire á paternidade e lactación e todas as medidas contempladas na lei de igualdade. Seguimos reclamando permiso para acompañar a familiares a consulta médica</p>
Centros Educativos	<p>É nestes centros onde se inclúen melloras, obviamente porque son financiados con cartos públicos. E as propostas que se fan para o persoal que non está en pago delegado son un brindis ao sol, ao non contar coas dúas patronais máis fortes neste sector, Ed. Y Gestión e CECE.</p>	<p>Nós sempre propuxemos que a todo o persoal dos centros que tiveran algunha unidade concertada se lles aplicara o convenio de centros mantidos total ou parcialmente con fondos públicos. Alegrámonos de que agora se vaian sumando outros a esta proposta.</p>

Os nosos locais

Santiago (Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
15706. Santiago de Compostela
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
galiza@cig-ensino.com
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixomino@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasertería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com